

Programación
cultural Oleiros
xaneiro-abril**2018**



Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística

Programación de espectáculos nos auditorios municipais

DANZAMÚSICATEATRO CULTURA



Centro Cultural
A Fábrica
Rúa do Inglés, 13
Perillo



Centro Cultural
As Torres
Rúa Emilio Pardo
Bazán, 17
Santa Cruz / Liáns



Auditorio Gabriel
García Márquez
Rúa do Chelito, s/n
Mera / Serantes

OLEIROS DANZA



Sábado 27 de xaneiro
ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel
García Márquez,
de Mera

ELAHOOD

Presenta o espectáculo **La soledad de Wally**.

Autoría: Julia Laport Rivas e Sabela Domínguez Pérez

Dirección: Julia Laport Rivas e Sabela Domínguez Pérez

Sinopse: La soledad de Wally está formada por catro pezas unidas por unha temática común pero exploradas desde diferentes puntos de vista: as relacións sociais son indispensables para as persoas e a súa ausencia pode traer consecuencias negativas. A obra presenta a dualidade entre soidade e comunidade e a importancia de cultivar conexións reais. Elahood é unha compañía emerxente galega de danza urbana fundada en xaneiro de 2017.

Elenco: Julia Laport Rivas e Sabela Domínguez Pérez

Xénero: danza urbana

Duración: 45 minutos

Público: familiar

Prezo: 2,50€ (As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).

OLEIROS MÚSICA



V CICLO DE MÚSICA “VOCES CÁLIDAS PARA NOITES DE INVERNO”

Sábado 3 de febreiro
ás 20:30 horas
Auditorio da Fábrica,
Perillo


EJAZZ

Gañadoras dos Premios Martín Códax da Música na categoría de grupos vocais e coros (2017) e coa voz como único instrumento, as vocalistas galegas EJazz levan percorrendo os principais clubs de jazz e salas de concertos de Galicia desde o ano 2012.

Carmen Rey é a súa directora musical e completan a formación Ángeles Dorrio, Marga Ramos e Betty Queiro.

Prezo: 2,50€ (As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).

OLEIROS MÚSICA



V CICLO DE MÚSICA
“VOCES CÁLIDAS PARA
NOITES DE INVERNO”

Sábado 10 de febreiro
ás 20:30 horas
Auditorio da Fábrica,
Perillo

VOODOO

VooDoo é un dúo feminino que nace no ano 2016 e que está formado por Maritxinha, no baixo e loops, e Belém Tajés, no teclado e voces. No 2017 VooDoo gaña o Premio Martín Códax da Música Galega na categoría Blues/Funk/Soul, consolidándose no seu estilo e buscando novos formatos de directo.

VooDoo son letras chegadas da música tradicional galega con harmonías fundamentalmente soul, acid jazz, r&b e rock. VooDoo é unha música íntima, elegante para “grandespequenos” momentos.

Nesta ocasión estarán acompañadas polo cantante, beatboxer e multinstrumentista Narci García.

Prezo: 2,50€ (As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).

OLEIROS MÚSICA



V CICLO DE MÚSICA
"VOCES CÁLIDAS PARA
NOITES DE INVERNO"

Sábado 17 de febreiro
ás 20:30 horas
Auditorio da Fábrica,
Perillo

VITA IVASKEVICA

Con procedencia letona-rusa RED VITA é unha cantautora que empezou a escribir a súa propia música aos 18 anos e canta en cinco idiomas. Entre 2000 e 2009 crea dúas formacións "Soli Deo Gloria" e "IVA, un proxecto creado despois dos seus estudos de música en Santa Fe (EEUU), onde descobre o bluegrass e o son acústico da mandolina, que incluírá no seu primeiro disco "Desert Gardens". O seu primeiro single "Highway" logra o recoñecemento do público letón e chega a ser número 1.

Ao mudarse a Galicia, RED VITA inicia novos proxectos, máis persoais, e sigue componendo e viaxando por distintas culturas e linguaxes da música. Nesta ocasión a súa voz e guitarra estará acompañada por Rafa Otero (guitarra e voz) e Noli Torres (batería e percusión).

Prezo: 2,50€ (As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).

OLEIROS MÚSICA



V CICLO DE MÚSICA
“VOCES CÁLIDAS PARA
NOITES DE INVERNO”

Sábado 24 de febreiro
ás 20:30 horas
Auditorio da Fábrica,
Perillo

ROSA CEDRÓN

En ‘Nada que perder’ Rosa Cedrón toma a dirección dunha evolución natural, sen medo a dar renda solta á creatividade, experimentando para as súas melodías con novas sonoridades e texturas que poñen en relevo a súa proposta máis arriscada e persoal.

As emocións humanas básicas (o amor no seu máis amplo espectro, o medo, a tristura, a paixón) son a temática recorrente de ‘Nada que perder’, un disco que naceu das sombras para sumirse nun profundo proceso de investigación e experimentación e acabar converténdose nunha catarse persoal cuxo resultado desembocou nun espectro musical indefinible.

Nesta ocasión Rosa Cedrón canta en formato dúo, acompañada no piano por Miguel Arthus, autor dalgunhas letras do álbum, imprimindo poesía en cada unha das súas participacións e ornamentando o universo vocal de Rosa.

Prezo: 3,50€ (As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).

OLEIROS DANZA



Venres 2 de marzo
ás 21:00 horas
Auditorio Gabriel
García Márquez,
de Mera

ENTREMANS

Presenta o espectáculo **Gaia**.

Autoría: Kirenía Martínez e Estefanía Gómez

Dirección: Kirenía Martínez e Estefanía Gómez

Sínope: Gaia afonda no tema do noso planeta. Trátase dun proxecto no que a idea fundamental é achegar coñecementos desde unha óptica visual e imaxinativa. Gaia é un percorrido singular no que a pintura, a música, o audiovisual e a danza axúdannos a descubrir e comprender a intensidade, o poder e a beleza do noso planeta e os seus tesouros naturais.

Elenco: Kirenía Martínez e Estefanía Gómez

Xénero: danza contemporánea

Duración: 50 minutos

Público: familiar (especialmente recomendado a partir dos 3 anos)

Prezo: 3,50€ (As entradas poñeranse á venda a partir das 20:00 horas, ata completar a capacidade da sala).

La Habitación de la Música

Una voz que emociona



V CICLO DE MÚSICA

“VOCES CÁLIDAS PARA NOITES DE INVERNO”

Sábado 3 de marzo ás 20:30 horas


Auditorio da Fábrica, Perillo

LA HABITACIÓN DE LA MÚSICA

La habitación de la Música, grupo fundado en 2011 co propósito de versionar temas atemporais de jazz e bandas sonoras, presenta o espectáculo «Canciones para Soñar» dándolle o seu peculiar e emotivo toque persoal.

Charo (voz e guitarra), Luis (guitarra e voz), Alberto (contra-baixo) e Juan Viguere (batería e percusión de jazz), con arranxos propios, ofrecen unha singular versión de clásicos do soul e do pop-rock.

Prezo: 2,00€ (As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).



Sábado 10 de marzo
ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel
García Márquez,
de Mera

CIRK ABOUT IT

Presenta o espectáculo [El Apartamento](#).

Autoría: Cirk About It

Dirección: Alfonso Alonso

Sinopse: Cando o circo é o protagonista no salón de calquera fogar, todo pode escapar da normalidade e converterse en excepcional. Cirk About It presenta unha situación cotiá como pode ser a convivencia nun apartamento para explicar como a rutina pode romper con facilidade, simplemente engadindo unhas pingas do mellor circo.

Elenco: Laura Barba Ruiz, David Tornadijo Arce e Miguel Molinero García

Xénero: circo

Duración: 50 minutos

Público: familiar

Prezo: 2,50€ (As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).

OLEIROSTEATRO



Sábado 17 de marzo
ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel
García Márquez,
de Mera

A PANADARÍA

Presenta o espectáculo [Elisa e Marcela](#).

Autoría: Areta Bolado, Noelia Castro, Ailén Kendelman, Esther F. Carrodegua e Gena Baamonde

Dirección: Gena Baamonde

Sinopse: Ano 1901. Dúas mulleres casan na Igrexa de San Xurxo da Coruña, unha delas vestida de home. Unha historia de persecucións policiais, fuxidas en dilixencia, cambios de identidade e información manipulada. A Panadaría presenta unha reconstrución irreverente dun suceso real. Elisa e Marcela é unha historia de amor a contratempo.

Elenco: Areta Bolado, Noelia Castro e Ailén Kendelman

Xénero: comedia

Duración: 75 minutos

Público: maiores de 12 anos

Prezo: 2,50€ (As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).

OLEIROS MÚSICA



Domingo 18 de marzo ás 19.30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

EI CANTAR COA BEMMO: HOMENAXE A "LOS TAMARA"

Sinopse:

Unha noite de música inigualable...

Unha protagonista de excepción: a Banda da Escola Municipal de Música do Concello de Oleiros...

Un repertorio irrepitible coa música galega de sempre...

Uns intérpretes extraordinarios...

E o tenro recordo á mítica banda galega "LOS TAMARA"

Elenco: Banda da Escola Municipal de Música do Concello de Oleiros, Rosa Cedrón, Miguel Ladrón de Guevara e Paco Lodeiro.

Duración: 90 minutos

Público: Todos os públicos

Prezo: 3,50€ (As entradas poñeranse á venda a partir das 18:30 horas, ata completar a capacidade da sala).

OLEIROS CULTURA



Venres 23 de marzo
ás 21.00 horas
Auditorio da Fábrica,
Perillo

Proxección do documental **Vértice de Versos**.

Producción, guión e dirección: Carlos Lorenzo

Música orixinal: Xoán Curiel

Ilustracións: María Lires

Sinopse: Galicia é terra de poesía. É terra de poetas. Unha extensa xeración de poetas novos/as galegos/as destacan no mundo literario pola calidade das súas creacións. Moitos dos seus libros xa traspasan as nosas fronteiras traducidos a outras linguas. Os novos tempos tamén están a traer novos xeitos de expresión poética. No documental críticos/as, especialistas, editores/as e o propio colectivo de escritores e escritoras explican por que está a pasar este fenómeno neste vértice xeográfico de Europa.

Elenco: Yolanda Castaño, Emma Pedreira, Baldo Ramos, Gonzalo Hermo, Rosalía Fernández Rial, Eduardo Estévez, Cesáreo Sánchez Iglesias, Miguel Anxo Fernán Vello, Luis González Tosar, Celia Parra, Teresa Seara, Armando Requeixo, Ismael Ramos, Oriana Méndez, Antía Otero, Dores Tembrás, Alicia Fernández, Modesto Fraga e María Lado.

Duración: 65 minutos - **Público:** Todos os públicos

Entrada libre con invitación ata completar a capacidade da sala. As invitacións poderán recollese a partir das 20.00 horas.



Sábado 7 de abril ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

SERXIO PAZOS

Presenta o espectáculo **Afiando con humor**.

Autoría: Serxio Pazos

Dirección: Serxio Pazos

Sinopse: Serxio Pazos estrea unha nova proposta na que se afía o humor do país partindo dunha das nosas principais iconas: o afiando. Quen sabe máis do mundo que aqueles que viaxan por el?

Elenco: Serxio Pazos

Xénero: comedia

Duración: 75 minutos

Público: maiores de 12 anos

Prezo: 2,50€ (As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).



Sábado 14
de abril ás
20:30 horas
Auditorio
Gabriel García
Márquez,
de Mera

IBUPROFENO TEATRO

Presenta o espectáculo **Casa O'Rei**.

Autoría: Santiago Cortegoso

Dirección: Santiago Cortegoso

Sinopse: Casa O'Rei propón un xogo escénico e dramaturxico a partir de O Rei Lear de Shakespeare, ambientado nunha típica casa de comidas galega. Manolo Rei, vello e enfermo, prepara un cocido e reúne a familia. A comida sempre é unha escusa. Desta vez para repartir a casa entre as súas tres fillas. Pero o cocido sállele cargado de traizón e desprezo...

Elenco: Miguel Borines, Victoria Teijeiro, Marián Bañobre, Teté García, Víctor Mosqueira, Xosé M. Esperante

Xénero: teatro contemporáneo

Duración: 90 minutos

Público: maiores de 12 anos

Prezo: 2,50€ (As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).



Sábado 21 de abril
ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel
García Márquez,
de Mera

EME2 EMOCIÓN & ARTE

Presenta o espectáculo [A Leituga](#).

Autoría: Autoría: César Sierra

Dirección: Víctor Duplá

Sinopse: A Leituga é unha comedia trágica sobre a familia, os asuntos non resoltos, as contas pendentes. O sacrificio e a culpa. O odio e o rancor. A moral e o instinto. Os medos e as miserias. A procura da felicidade. O dereito á vida e o dereito á morte.

Elenco: María Vázquez, Antonio Durán “Morris”, Federico Pérez, Jose Barato e Mercedes Castro

Xénero: traxicomedia

Duración: 90 minutos

Público: maiores de 12 anos

Prezo: 3,50€ (As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).

OLEIROSTEATRO



Sábado 28 de abril
ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel
García Márquez,
de Mera

GRUPO CHÉVERE

Presenta o espectáculo **Goldi libre!**

Autoría: Chévere

Dirección: Xron

Sinopse: Goldi libre é un traballo de teatro documental sobre o movemento de insumisión en España, sobre as persoas que formaron parte do mesmo e sobre a súa fantástica estratexia de desobediencia e confrontación non violenta co aparato do Estado, feito a partir da memoria, a experiencia persoal e o testemuño de César Goldi, actor que foi xulgado, condenado e privado da súa liberdade no cárcere da Coruña por negarse a realizar tanto o servizo militar como a prestación social substitutiva.

Elenco: César Goldi

Xénero: teatro contemporáneo

Duración: 80 minutos

Público: maiores de 12 anos

Prezo: 2,00€ (As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).

NOTAS

A sheet of white paper with a decorative background. The background is light blue with white raindrops at the top. On the left, there are stylized clouds in shades of teal and green. On the right, there is a vertical rainbow with bands of red, orange, yellow, green, and blue. The paper itself has horizontal yellow dashed lines for writing. The word 'NOTAS' is written in red at the top left.

AVISO

- PRÉGASE PUNTUALIDADE. POR RESPECTO AOS ARTISTAS E AO RESTO DE PÚBLICO NON SE PERMITIRÁ O ACCESO AO PATIO DE BUTACAS UNHA VEZ INICIADO O ESPECTÁCULO.
- NON SE PERMITE COMER NIN BEBER DENTRO DO PATIO DE BUTACAS.
- OS MÓBILES PERMANECERÁN APAGADOS DURANTE A DURACIÓN DO ESPECTÁCULO.
- NON SE PERMITE FUMAR EN NINGÚN ESPAZO DO AUDITORIO.
- NON SE PERMITE FILMAR, GRAVAR OU SACAR FOTOGRAFÍAS SEN A CORRESPONDENTE AUTORIZACIÓN.



MOITAS GRAZAS



Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais



**REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS**